



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA

Expte 4007/2016

CLÁUSULA PRIMERA. Obxecto e calificación.....	2
CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación.....	3
CLÁUSULA TERCERA. Perfil de contratante.....	3
CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato.....	3
CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato	5
CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar	5
CLÁUSULA SÉPTIMA. Órgano de contratación.....	6
CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa. .	6
CLÁUSULA NOVENA. Garantías	8
CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación.....	8
CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Reglas especiais respecto do personal da Empresa Contratista.	10
CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de Contratación.....	10
CLÁUSULA DÉCIMO TERCERA. Prerrogativas da Administración.....	11
CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións.....	11
CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requerimento de Documentación.....	12
CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía Definitiva	14
CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Adxudicación do Contrato.....	14
CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do Contrato.....	15
CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario.....	15
CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de Garantía.....	16
CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMERA. Facturas.....	16
CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por Incumprimento.....	17
CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCERA. Resolución do Contrato.....	18
CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Inspección do servizo.....	19
CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Designación de conta bancaria.....	19
CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Datos personais.....	20
CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Devolución da documentación presentada polos licitadores.....	21
CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Seguros.....	21
CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Recurso especial en materia de contratación.....	21
ANEXO I.....	23
ANEXO II	27
ANEXO III.....	28
ANEXO IV.....	29
ANEXO V.....	32
ANEXO VI.....	33



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA

CLÁUSULA PRIMERA. Obxecto e calificación

Constitúe o obxecto do presente procedemento de contratación a realización do servizo de limpeza e xardinería nos edificios, espazos e dependencias que se sinalan no Anexo I ao presente prego e do xeito previsto no Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

A limpeza do centros educativos inclúe todas as dependencias do edificio principal -sen prexuízo do seu uso- e, de ser o caso, todos os edificios inseridos no recinto escolar adicados a uso público escolar, incluídos pistas polideportivas, vestiarios, comedores e similares.

O contrato abrangue tamén a substitución por ausencias das dúas traballadoras de limpeza que desenvolven o seu traballo para o Concello e que se atopan no cadro de persoal a xornada completa durante un máximo de 100 días ao ano no conxunto das dúas. Asímesmo abrangue a instalación, retirada e reposición periódica de contedores hixiénicos especiais dos banos femininos.

CNAE 2009: 7470 *Actividades industriais de limpeza.*

CPV: 90911200-8 *Servizos de limpeza de edificios.*

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (en diante TRLCSP). Categoría 14 do Anexo II da mesma: servizos de limpeza de edificios.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), modificado polo Real decreto 773/2015, do 28 de agosto.

Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.



Tamén terán carácter contractual os pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas.

No caso de existir contradicción entre este Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o PPT prevalecerá o contido na redacción do prego de cláusulas administrativas.

Necesidade e conveniencia da contratación

O Concello de Redondela carece dos medios persoais e materiais suficientes para desempeñar os servizos de limpeza dos edificios, dependencias e espazos municipais, e non é posible a súa ampliación, polo que ten a necesidade de contratar externamente a prestación deste servizo.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

Pola súa contía e de acordo co disposto no artigo 16.1.b) do TRLCSP, é un contrato suxeito a regulación harmonizada.

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSP

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do TRLCSP e co establecido na cláusula décima do presente Prego.

CLÁUSULA TERCERA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <http://redondela.sedelectronica.es>

Os Pregos da contratación atoparanse a disposición dos licitadores no perfil de contratante a partir da data de publicación do anuncio no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O valor estimado da licitación é de 3.596.021,04 € (tres millóns cincocentos noventa e seis mil vinte e un euros con catro céntimos) máis o IVE de 755.164,44 € (setecentos cincuenta e cinco mil cento sesenta e catro euros con corenta e catro céntimos), sendo a cantidade total de 4.351.185,48 € (catro millóns trescentos cincuenta e un mil cento oitenta e cinco euros con corenta e oito céntimos) IVE incluído, a razón de 599.336,84 € (cincocentos noventa e nove mil trescentos trinta e seis euros con oitenta e catro céntimos), sen IVE, e 725.197,58 € (setecentos vinte cinco mil cento noventa e sete euros con cincuenta e oito céntimos) con IVE cada ano, tendo en conta a duración



total do contrato, incluíndo a posible prórroga do mesmo.

No prezo no que se contrate o servizo obxecto deste Prego entenderanse comprendidos todos os gastos, e polo tanto, o beneficio industrial, os impostos de toda índole que graven a realización deste e en especial o IVE, etc, non podendo polo tanto repercutilos a empresa adxudicataria no Concello como partida independente do presuposto contratado.

O prezo do contrato poderá revisarse anualmente de acordo co índice específico de aplicación ao sector de actividades de limpeza. Da revisión excluíranse o primeiro ano dende a formalización do contrato e o primeiro 20% do contrato. Dita revisión xustifícase en función do prazo total posible do contrato (6 anos) e a intensidade significativa do uso do factor traballo, do xeito indicado no artigo 89 do TRLCSP. A data inicial a partir da cal realizárase, no seu caso, a revisión é a prevista no artigo 89.4 do TRLCSP.

A fórmula de revisión é a seguinte:

$$K=0,85 \times (IAL_1 / IAL_0) + 0,15$$

Onde:

K: coeficiente de revisión de prezos único para todo o período.

IAL₁: índice de actividades de limpeza do índice de prezos do sector servizos do trimestre anterior ao inicio do período a revisar.

IAL₀: índice de actividades de limpeza do índice de prezos do sector servizos do trimestre anterior ao de inicio do contrato.

O prezo poderá tamén ser obxecto de variación pola incorporación ao servizo de novos edificios ou locais, en cuxo caso tomarase como base o prezo/m² construído ofertado polo adxudicatario, coa pertinente revisión, de acordo co previsto no presente prego. Co mesmo criterio podera variarse á baixa caso de que, xustificadamente, deixe de prestarse o servizo de limpeza nalgún dos inmobles sinalado no presente contrato. Incrementarase tamén puntual e proporcionalmente caso de que as dúas traballadoras de limpeza do Concello deban ser substituídas por riba de 100 días ao ano, que son os comprendidos no presente contrato (ou os que finalmente ofertara o adxudicatario) e será obxecto tamén de variación caso de que se incorporen ou eliminen contedores hixiánicos sanitarios. A estes efectos tomaráse como referencia o prezo establecido no punto 5º do Anexo IV.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, unha vez efectuados os controis regulamentarios, debidamente conformada polo/a responsable do contrato, e tras a conformidade do órgano competente, nos termos sinalados no artigo 200 da LCSP.

Existe crédito axeitado e suficiente para o financiamento do prezo da presente anualidade na partida 3231A/22700. Tendo en conta o carácter plurianual do gasto, a vixente contratación queda subordinada á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para cada exercicio na partida correspondente do Presuposto, de acordo co disposto no TRLCSP e na lexislación reguladora de Facendas Locais, comprometéndose non obstante a consignar crédito suficiente nos orzamentos ós que se estende o período contractual.

**CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato**

O prazo de vixencia da prestación dos servizos será de catro anos, contado a partir da acta de inicio de prestación do servizo que terá lugar no prazo de vinte días hábiles contados a partir da formalización do contrato administrativo. Non entanto o anterior, o contrato poderá prorrogarse a petición do adxudicatario ou de oficio polo Concello por outros dous anos. De acordo co disposto no artigo 23 do TRLCSP, a prórroga acordada polo órgano de contratación será obrigatoria para o empresario, sen prexuízo de que a duración total do contrato, incluídas prórrogas, non poida exceder o prazo de 6 anos.

O servizo non poderá ser interrompido nin sequera por causa de cumprimento do prazo contractual, sendo obrigado para a empresa adxudicataria continuar coas prestacións obxecto do contrato nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación ou, en todo caso, cun límite máximo de 6 meses.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP, poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

Todo licitador que se atope incurso en prohibición de contratar poderá presentar



probas de que as medidas adoptadas por sí mesmo son suficientes para demostrar a súa fiabilidade a pesar da existencia dun motivo de exclusión pertinente. Se ditas probas considéranse suficientes, o licitador de que se trate non quedará excluído do procedemento de contratación.

3. A **solvencia do empresario:**

3.1 A solvencia **económica e financeira** do empresario deberá acreditarse polo medio seguinte : Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia se a declaración de maior importe nos 3 últimos anos é superior a vez e media do prezo da anualidade máxima do contrato.

3.2. A **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios acreditarase cunha declaración sobre o volume de negocios no ámbito de actividades similares ao obxecto do contrato referido aos últimos cinco anos coas conseguíntes acreditacións das mesmas que inclúa o importe, datas e destinatarios, públicos ou privados, dos mesmos, acreditados do xeito previsto no artigo 78 a) do TRLCSP. Desbotaranse por falta de solvencia os licitadores que non realizaran traballos similares cun importe anual acumulado de alomenos 419.535,79 €.

Aínda que por mor do previsto no artigo 65 1 b) do TRLCSP non é precisa a clasificación do empresario, entenderase acreditada a solvencia coa xustificación de atoparse clasificado no Grupo U, Subgrupo 1, Categoría D.

CLÁUSULA SÉPTIMA. Órgano de contratación

O órgano competente para contratar é o Pleno do Concello por mor do previsto na disposición adicional segunda 1) do TRLCSP. Con respecto ao presente contrato, o Alcalde asume as competencias relativas á súa execución que non consistan na resolución de recursos administrativos ou acordos que conleven a resolución do contrato, ostentando o pleno ditas prerrogativas, con subxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación perante a xurisdición competente

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

Os ofertantes presentarán as súas proposicións dentro do prazo de 47 días naturais a contar dende o envío do anuncio correspondente ao DOUE. A partir do devandito envío publicaranse anuncios no BOE e BOP e no perfil do contratante cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto ao remate do prazo, e neses anuncios farase constar a data do envío ao DOUE. A presentación admitirase ata as 13.30 horas do derradeiro día do prazo. Se o citado día coincidise en sábado ou festivo, o prazo entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data e hora de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (986403894) télex ou telegrama, a remisión da



proposición. Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición, no caso no que esta fose recibida fora do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación. Non obstante, decorridos dez días naturais dende o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas. A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

Contido das proposicións

Os licitadores presentarán a seguinte documentación:

1) **Declaración responsable** do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración neste contrato (Anexo II). No caso de que concorran varias empresas agrupadas temporalmente, deberá acreditarse que cada unha delas cumpre coas devanditas condicións cumprindo os requisitos no artigo 59.2 do TRLCSP polo que indicarán os nomes e circunstancias das empresas que o asinan, a participación de cada unha delas e o compromiso de constituirse formalmente en unión temporal caso de resultar adxudicatarios do contrato. Esta declaración pode substituírse, no seu caso, pola aportación do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) ao que pode accederse para a súa cumprimentación na páxina oficial da Comisión Europea: <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter>].

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

2) **Dous sobres pechados**, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente do CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CONCELLO DE REDONDELA. Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor. Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

A) Sobre A: "Oferta sobre Criterios subxectivos" no que se incluírá o Anexo III xunto coa documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuízo de valor de conformidade co art. 150 TRLCSP e para os efectos dos criterios dependentes dun xuízo de valor previstos na cláusula 10ª do presente prego.

B) Sobre B: "Oferta sobre criterios obxectivos" (no que se incluírá a documentación relativa aos criterios de adxudicación aritmética ou avaliable de xeito automático mediante aplicación de fórmulas de conformidade co art. 150 TRLCSP). Seguirá o modelo do Anexo IV.



CLÁUSULA NOVENA. Garantías

De acordo co establecido no artigo 103.1 do TRLCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisoria.

De acordo co art. 95 e seguinte TRLCSP, a garantía definitiva será constituída polo adxudicatario por calquera dos medios que autoriza o TRLCSP, e se fixa no 5% (IVE excluído) do importe da adxudicación referido aos catro primeiros anos. Caso de prórroga, a garantía abranguerá tamén a mesma referida ao prazo de prórroga.

As garantías en metálico ou valores deberán constituírse na Caixa Municipal. Os avais ou seguros de caución deberán constituírse de acordo co que se establece nos artigos 55 e seguintes do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

A garantía definitiva será devolta ao contratista unha vez executada a totalidade do contrato, no prazo de tres meses e cumprido este satisfactoriamente ou cando se resolva o mesmo sen culpa do contratista, previo informe de conformidade do departamento xestor do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación

1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES

a). Mellor oferta económica: ata 50 puntos

1. Mellor oferta económica: de 0 a 50 puntos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula:

$$P = 50 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

En canto ás ofertas que poidan considerarse desproporcionadas ou temerarias, estarase ao disposto no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aprobou o regulamento da Lei de Contratos das Administracións públicas.

2. Mellor oferta para incorporación ao contrato da limpeza de edificios ou locais non incluídos no contrato inicial: de 0 a 20 puntos detallados do seguinte xeito:

2.1. Valorarase de 0 a 17,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido a un período anual, para o caso de novos edificios ou locais que necesitan limpeza ordinaria e continuada e se inclúan *ex novo* no contrato, nas condicións especificadas no prego de prescricións técnicas.



Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 17,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 17,50 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

2.2. Valorarase de 0 a 2,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido ó período dunha hora, para o caso de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais de edificios ou locais coa seguinte fórmula:

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2,5 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.

PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

3. Mellor oferta para substitución das dúas traballadoras do Concello.

3.1 Días/ano ofertados por riba dos 100 días previstos nos pregos para cada ano do contrato a partir do comenzo da prestación dos servizos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2 \times (O / MO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

MO (Mellor oferta): a que oferte máis días/ano por riba do previsto nos pregos.

O (Oferta a considerar): días/ano que oferta por riba do previsto nos pregos a proposición considerada.

3.2 Importe /día de substitución de ditas traballadoras por riba dos días ofertados de acordo co apartado 3.1. anterior : de 0 a 2 puntos.

Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :

$$P = 2 \times (PMR / PO)$$

P (puntuación): a que acadará a oferta considerada.

PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa.



PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.

2. CRITERIOS NON AVALIABLES POR CIFRAS OU PORCENTAXES

Melloras sobre o previsto no PPT: ata 20 puntos

Avaliaráanse as melloras ofertadas referidas a un período anual cando non se especifique o contrario consistentes en:

1. Limpezas especiais que se oferten: Valorarase ata 10 puntos.
2. Melloras en xardiñería: Valorarase ata 10 puntos.

Os anteriores apartados serán obxecto de puntuación e avaliación de xeito motivado e en función das propostas presentadas, no seu caso. A estes efectos valorarase de xeito comparativo en función da súa idoneidade en relación á prestación do servizo.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Reglas especiais respecto do personal da Empresa Contratista.

1. Con independencia das obrigas de subrogación do persoal que se deriven da lexislación laboral aplicable e que se recolle no documento anexo ao presente prego, corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.
2. A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pagamento dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cuantos dereitos e obrigacións derívense da relación contractual entre empregado e empregador.
3. En relación ao persoal deberá presentar mensualmente a copia dos modelos TC-1, TC-2, ou dos que os substitúan, así como copia das altas, baixas ou variacións de datos do persoal, así como copia dos contratos laborais dentro do prazo de quince días de terse producido a variación.
4. Do mesmo xeito acreditarán ter contratados e estar ao día no pagamento do servizo de prevención e pólizas de seguros.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de Contratación

De acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional segunda do TRLCSP estará integrada por:

- Presidente: O alcalde ou concelleiro no que delegue.

Concello de Redondela



- Vocais:

Catro concelleiros/as propostos/as polos distintos grupos políticos do Concello, maila concelleira non adscrita.

O interventor do Concello.

A secretaria do Concello.

- Secretario: Un/ha funcionario/a pertencente á escala de administración xeral designado polo alcalde.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCERA. Prerrogativas da Administración

O Concello, nos terminos previstos na cláusula 7ª e de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

Os acordos que se diten tras os informes pertinentes e no exercicio das citadas prerrogativas serán inmediatamente executivos.

En todo caso daráse audiencia ao contratista, seguindo o previsto no artigo 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de Proposicións

A mesa de contratación constituirase ás 14 horas do quinto día hábil (agás sábados) a partir do remate de presentación de proposicións poidendo retrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non obren a totalidade das presentadas no servizo de contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo.

Unha vez verificadas as declaracións responsables ou DEUCs presentadas procederáse á apertura pública do sobre A e se procederá a avaliar a documentación presentada conforme aos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes que se mencionan neste prego.

A Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Unha vez que se efectúe a valoración dos criterios contidos no sobre A, darase a coñecer o acto público de apertura do sobre B con alomenos 48 horas de antelación. Dita apertura realizarase en acto público, previa convocatoria da mesa de contratación. Este acto público realizarase no lugar e día que determine o presidente da mesa e que se comunicará a todos os licitadores e se anunciará no perfil do contratante do órgano de contratación.



Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa ou aclare os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

O presidente da mesa manifestará o resultado da valoración dos sobres A e procederá á apertura do sobre B, que valorarase mediante os criterios previstos no presente prego, nese mesmo intre ou con posterioridade.

A mesa de contratación, realizará a proposta de adjudicación ao órgano de contratación no prazo máximo de dous meses dende a apertura das ofertas.

2. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requerimiento de Documentación

Unha vez fixadas definitivamente as ofertas dos licitadores a mesa de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas. Caso de empate, resolverase a licitación a favor da empresa que acredite ter a maior porcentaxe de persoal laboral fixo con discapacidade na súa plantilla, sempre e canto dito porcentaxe sexa superior ao 2%. Caso de non darse ditas circunstancias, adjudicarase ao que presentara a mellor oferta económica; de persistir o empate, resolverase por sorteo entre os licitadores empatados.

Documentación a presentar polo licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa: deberá acreditar ante o órgano de contratación, dentro do prazo de dez días hábiles, en orixinais ou copias auténticas, a posesión e validez dos documentos esixidos que acrediten, a data de remate do prazo de presentación de proposicións, a aptitude, capacidade e solvencia que se esixe. De non cumprir adecuadamente o requirimento da documentación en prazo, entenderase que o licitador retira a súa oferta e procederase nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte na orde de clasificación

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral



da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Poderes:

Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado.

C) Unións temporais. Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e cumprimento das obrigas tributarias: Testemuño xudicial, certificación administrativa ou Declaración responsable de que a Empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos artigos 60 e 146 do TLCSP, axustado ao modelo do Anexo IV.

E) Para acreditar o **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, de acordo co disposto nos artigos 13, 14 e 15 do RXLCAP (RD 1098/2001), deberá presentar os seguintes documentos:

- Certificacións expedida polos órganos competentes en cada caso, acreditativas de atoparse ao día do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Certificación expedida polo Concello de Redondela acreditativa de que non existen débedas de natureza tributaria con el.
- Alta no imposto de Actividades Económicas, referida ao exercicio corrente, ou o



último recibo no seu caso, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica de conformidade co previsto no presente prego.

G) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Garantía Definitiva

No mesmo prazo constituírse a garantía definitiva por importe do 5 por cento do prezo da adxudicación calculado para os catro primeiros anos de contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉPTIMA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.

As notificacións faranse por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas



proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días naturais.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles a contar dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, na forma prevista no artigo 156.3 do TRLCSP.

Ao documento administrativo, achegarase o prego de cláusulas particulares tanto administrativas como técnicas, así como a oferta do adxudicatario.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art.59 TRLCSP)

O documento no que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Se por causa imputable ao adxudicatario, non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación da garantía definitiva.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados na leis (art. 214 TRLCSP).

O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

A empresa adxudicataria esta obrigada á confidencialidade e protección dos datos de carácter persoal dos que sexan dos que teñan coñecemento como consecuencia da prestación do servizo .

Ademais son obrigas específicas do contratista as seguintes:

Concello de Redondela



- Adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do TRLCSP).
- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación ata o límite máximo de 2.000 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de Garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de seis meses, a contar dende a data de remate do contrato prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións Técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos servizos prestados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía acreditábase á existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a corrección dos mesmos.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMERA. Facturas

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, en doceavas partes do prezo anual, referidas ao mes completo (agás o primeiro e o último mes da prestación que liquidarase por días, no seu caso) unha vez efectuados os controis regulamentarios, debidamente conformada polo/a responsable do contrato, e previa conformidade da mesma polo órgano competente, nos termos sinalados no artigo 216 do TRLCSP.

As facturas deberán conter os datos e requisitos establecidos no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A falta de entrega da factura impedirá o seu pagamento.

Así mesmo as facturas deberán conter as seguintes identificacións:

Órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública (oficina contable): Concello de Redondela

Órgano xestor: Concello de Redondela.

Unidade tramitadora: Concello de Redondela

2. O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión teña efectos e a Administración expida o mandamento de pago a prol do cesionario, é preciso que se lle notifique de forma fidedigna a esta última o acordo de cesión.



(art.218 TRLCSP).

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por Incumplimento

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con suxeición ao establecido neste prego e no de prescricións técnicas, as obrigas recoñecidas na súa oferta pola propia empresa e as pautas e directrices de traballo que a responsable do contrato emita para a mellor calidade dos traballos a executar e na supervisión do contrato.

Non obstante, ás que alí se indiquen como mínimo penalizaranse expresamente as seguintes:

Infraccións de carácter leve:

- Aquelas faltas ou omisións que impliquen negligencia na prestación do servizo e que supoñan unha alteración leve do seu funcionamento.
- Omisión na comunicación de incidencias non imputables á empresa adjudicataria pero que fosen detectadas por ela.
- Retardo escusable no cumprimento das súas obrigas e tarefas.
- Calquera outro incumplimento de obrigas que non teñan consideración de grave o moi grave.

Infraccións de carácter grave:

- Abandono do servizo e/ou reiteración de tres faltas leves nun período de dous meses.
- A omisión ou cumprimento incorrecto de tarefas debidas ao desinterese, ineptitude, ou déficit profesional ou material do persoal que presta os servizos.
- O non gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñecera por razón do servizo prestado.
- A falsidade ou falsificacións dos servizos

Infraccións moi graves:

- A demora no comenzo da prestación do servizo superior a un día sobre a data prevista. A paralización ou interrupcións da prestación do servizo.
- A prestación manifestamente defectuosa ou irregular dos servizos sen autorización expresa do Concello.
- A cesión, o subarrendo ou o traspaso total ou parcial dos servizos sen autorización expresa do Concello.
- A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren os pregos de cláusulas deste contrato.
- A desobediencia reiterada por máis de dúas veces respecto da mesma cuestión, das ordes escritas da Alcaldía, relativas a orde, forma e réxime do servizo.



- A cesación da prestación do servizo polo contratista sen a concorrencia das circunstancias legais que o fagan lexítimo.
- O fraude na forma de prestación do servizo non utilizando os medios axeitados ou elementos esenciais esixidos.
- Incumprimento da normativa laboral.
- Acumulación ou reiteración de dúas faltas graves, nun período de dous meses ou de tres faltas graves nun período de 6 meses.
- Incumprimento das obrigas recollidas nos pregos reguladores do contrato e na normativa aplicable en materia de protección de datos.
- Todas aquelas infraccións previstas pola normativa aplicable para resolución de contratos.

Faltas leves sancionaranse con multas de contía non inferior a 400,00 euros nin superior aos 3.000,00 euros.

Faltas graves sancionaranse con multas de contías non inferiores a 3.000,01 euros nin superiores a 10.000,00 euros.

Faltas moi graves sancionaranse con multas de 10.001,00 ata 30.000,00 euros e/ou a resolución do contrato.

Procedemento para imposición de penalidades:

As que se refiran a incumprimentos leves serán impostas polo Alcalde tras a audiencia ao contratista durante un período de dez días.

As que se refiran a incumprimentos graves deberán tramitarse mediante un procedemento sancionador sumario: incoación do procedemento polo Alcalde con designación de instrutor e secretario, proposta do instrutor, audiencia ao contratista por dez días e, se é o caso, imposición da sanción.

As que se refiran a incumprimentos moi graves deberán tramitarse un procedemento sancionador coas seguintes garantías formais: incoación do procedemento con designación de instrutor e secretario, período de instrución e proba, prego de cargos polo instrutor, audiencia ao contratista durante dez días, proposta de sanción polo instrutor, alegacións do contratista á proposta, ditamen da comisión informativa e, se é o caso, resolución sancionadora polo Pleno da Corporación, que tamén poderá declarar a resolución do contrato.

De incumprirse o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para a súa execución, por ser esta unha obriga esencial do contrato, resolverase o mesmo.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCERA. Resolución do Contrato

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do TRLCSP.



Así mesmo o contrato resolverase polo incumprimento do compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes.

Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. (art. 326.4 TRLCSP) .

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Inspección do servizo

O Concello inspeccionará en todo momento, a través da persoa que no seu momento designe o órgano de contratación, a forma de prestación dos servizos adxudicados co obxecto de:

- Controlar que os labores sexan efectuados oportunamente e na forma estipulada.
- Determinar se os equipos, maquinaria e ferramentas que deban ser utilizados satisfán as condicións establecidas no prego.
- Vixiar se o aseo, vestiario e competencia do persoal afecto ao servizo reúne as condicións esixidas.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Designación de conta bancaria

Notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a presentar, no prazo de **tres** días naturais, en duplicado exemplar e conforme o modelo que se insire a continuación,

DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS

I. Datos do acredor (deberase achegar fotocopia do NIF ou CIF, salvo que xa a aportaran con anterioridade)									
NIF			Nome ou denominación social						
Domicilio fiscal						Municipio			
Provincia		Código Postal		Tlf/Fax/Correo electrónico					
II. Datos do representante									
NIF					Nome				
III. Alta de datos bancarios									

Concello de Redondela



A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO:

Certifico, a petición da persoa reflexada en "I Datos do acredor" e a efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle ordee a Tesourería do Concello de Redondela, a existencia da conta referenciada en "III Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se reflexa no citado apartado "I Datos do acredor"

(Selo da entidade de crédito) POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Asdo.:

IV. Baixa de datos bancarios															

Redondela, de de 20
(Sinatura do acredor ou representante)

Asdo.:-----

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE REDONDELA

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Datos persoais

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento de contratación serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o CONCELLO DE REDONDELA, con domicilio en Redondela – Pontevedra, na rúa Alfonso XII núm. 2, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición. Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación.

Así mesmo, os licitantes autorizan a comunicación dos seus datos persoais a entidades financeiras, Facenda Pública e diarios oficiais, así como a outros terceiros cando veña previsto especificamente nunha norma con rango de lei, e a outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias. No caso de que os participantes no presente procedemento facilitasen datos de carácter persoal de terceiros previamente á súa inclusión, deberán informa-los seus titulares dos puntos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obteren o seu consentimento.

**CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Devolución da documentación presentada polos licitadores**

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa. Transcorridos 4 meses dende a adxudicación do contrato sen que fose solicitada a súa devolución, o Concello de Redondela procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA. Seguros

1. Correrán a cargo do adxudicatario todos os danos producidos no desenvolvemento da súa actividade. O adxudicatario deberá ter suscrita a seguinte póliza:

Un seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL que garanta as responsabilidades que se poidan derivar por danos e prexuízos que se causen tanto ao Concello de Redondela, como a terceiros como consecuencia da execución do servizo. Dita póliza deberá incluír as garantías seguintes:

- Responsabilidade Civil de Explotación.
- Responsabilidade Civil Patronal.
- Responsabilidade Civil Produtos/Post-traballos.

O límite de indemnización deberá ser como mínimo de 900.000 €. O sublímite por vítima na RC Patronal non deberá ser inferior a 90.000 €.

Así mesmo, o adxudicatario deberá xustificar documentalmente no momento da formalización do contrato, así como cando se requira, a contratación da póliza e o contido dos seguros. Caso contrario considérase como incumplimento contractual moi grave.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos e prexuízos na contía da franquicia e no que superen os límites que se establezan nas pólizas de seguros, así como nos bens e riscos non cubertos nas mesmas.

2. O adxudicatario deberá manter como mínimo as coberturas seguintes:

- Responsabilidade Civil de suscripción obligatoria para todos os vehículos que sexan utilizados na execución do servizo e están suxeitos á Lei de uso de circulación de vehículos de motor.
- A empresa adxudicataria deberá ter dadas de alta na Seguridade Social a todas as persoas que interveñan nos servizos así como cumprir coas esixencias de seguros de vida e accidentes que determinen os convenios sectoriales aos que pertencen e calquera outro seguro que poida serlle esixido pola lexislación vigente ou convenio colectivo ao longo do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO NOVENA. Recurso especial en materia de contratación

Ao abeiro do disposto no apartado 2) artigo 40 do TRLCSP, poden ser obxecto

Concello de Redondela



do recurso especial en materia de contratación os seguintes actos:

a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.

c) Os acordos de adxudicación .

Documento asinado electronicamente á marxe



Expte 4007/2016

ANEXO I

RELACIÓN DE EDIFICIOS E ESPAZOS A LIMPAR E SUPERFICIE APROXIMADA

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL:

A MARISMA (Epígrafe 204 do Inventario Municipal):

Parcela : 1391 m²

Aulas: 500 m²

SAN PEDRO-CESANTES (Epígrafe 1-A, Número de inventario 56):

Edificio: 302 m²

Jardín: 1780 m²

VENTOSELA (Número de inventario 270):

Centro: 204 m²

Trastero: 105 m²

Parcela: 1844 m²

CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE REDONDELA – CEP SANTA MARÍA:

Superficie parcela: 1595 m²

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

ALEXANDRE BÓVEDA (Número do Inventario Municipal 87):

Parcela: 6463 m²

Almacén: 467 m²

Aulas: 800 m²

Aulas: 257 m²

CEDEIRA (Epígrafe 1-A, Número do Inventario 15):

Terreno: 4627 m²

Aulas: 619 m²

Oficinas: 597 m²

Vestuarios: 44 m²

IGREXA-CHAPELA (Epígrafe 1-A, Número de inventario 85):

Parcela: 2287 m²

Aulas-Oficinas: 724 m²

Vivendas: 154 m²

Baños: 20 m²

LAREDO-CHAPELA (Número de inventario 86):

Parcela: 3458 m²

Aulas-Oficinas: 643 m²

Aulas: 617 m²

OUTEIRO DAS PENAS (Epígrafe 1-A, Número de inventario 57):

Parcela: 8883 m²

Aulas: 1430 m²

Vivenda: 137 m²

Ximnasio: 439 m²

Oficinas: 332 m²

**PORTO CABEIRO (Nº de inventario 285):**

Parcela: 10558 m2
Vivendas: 714 m2
Aulas: 1005 m2
Outras aulas: 758 m2
Vestuarios: 90 m2

QUINTELA (Epígrafe 154):

Parcela: 7076 m2
Aulas: 629 m2
Aulas: 664 m2

SANTO PAIO DE ABAIXO (Epígrafe 168):

Parcela: 10954 m2
Aulas: 1260 m2
Almacén: 67 m2
Aseos: 29 m2
Vivenda: 180 m2

CENTRO DE SAÚDE DE CHAPELA (Número de inventario 4277):

Superficie parcela: 2900 m2
Almacén: 786,84 m2
Centro Saúde: 786,84 m2
Centro Saúde: 259,20 m2

MULTIUSOS DE CHAPELA (Nº de inventario 3468):

Superficie parcela: 6594,40 m2
Camerinos: 82,09 m2
Aulas-Ximnasio: 389,74 m2
Aulas-Ximnasio: 941,42 m2

MULTIUSOS DE REDONDELA (Nº de inventario 3466):

Superficie parcela: 1207,46 m2
Superficie locais: 1037,68 m2 / 1193,34 m2 / 644,45 m2 (Total 2875,47 m2)

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE REDONDELA (Epígrafe 203)

Superficie parcela: 2232,79 m2
Conservatorio: 331,65 m2

CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE REDONDELA (Epígrafe 206)

Superficie parcela: 125,21 m2
Oficinas: 125,21 m2
Oficinas: 125,21 m2

LOCAL DE ENSAIO AVDA. MENDIÑO (LOCAL PARTICIPACIÓ CIDADÁ)

Superficie parcela: 86,68 m2
Local: 86,68 m2

DEPENDENCIAS DE POLICÍA LOCAL DE REDONDELA**OFICINA DE SERVIZOS SOCIAIS E VESTIARIOS DE XARDIÑEIRO DE CHAPELA:**

Superficie Vestiarios: 96,72 m2
Local Servicios Socias: 113,40 m2

BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CHAPELA (Número de inventario 93): 96,72 m2. Gradás aparte.

VESTIARIOS E BAÑOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REDONDELA (Nº inventario



212) : 182 m2. Gradas aparte.

VESTIARIOS, BAÑOS E OFICINA ALMACÉN MUNICIPAL VIAS E OBRAS: 143,98 m2. Oficina: 22,00 m2

MERCADO DE ABASTOS DE REDONDELA:

Superficie parcela: 1612 m2

Mercado: 1150,57 m2 / 396,44 m2 (Total 1547,01 m2)

MERCADO DE ABASTOS DE CHAPELA (Número de inventario 92):

Mercado: 157 m2

AULA CEMIT DE CHAPELA:

Aula: 93 M2

MUSEO MEIRANDE DE RANDE:

Superficie construída: 847,00 M2

Superficie útil: 758,24 M2.

SEDE PROTECCIÓN CIVIL DE REDONDELA / GRUMIR:

Superficie: 420 M2

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA MARISMA (Nº inventario 212):

Superficie parcela: 1593,33 m2

Vestuarios: 182 m2

Oficinas: 211,60 m2

Baños: 60,00 m2

PAVILLÓN MUNICIPAL DE REBOREDA:

Superficie pavillón: 1063 m2

PAVILLÓN MUNICIPAL DE PORTO CABEIRO:

Superficie pavillón: 871,53 m2

EDIFICIO DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:

Pranta baixa: 242 m2

Pranta primeira: 124,30 m2

MANTEMENTO RECINTO DO COLEXIO DE TRASMAÑÓ (CEIP):

Superficie parcela: 3425,30 m2

CASSETAS DE USO TEMPORAL (Oficina de Turismo, casetas de salvamento das praias do Concello, así como baños públicos):

2 Casetas de Salvamento: 60 m2

Oficina de Turismo: 35 m2

Baños Públicos: 12 m2 (Praias Cesantes e Chapela)

COMPLEXO DEPORTIVO SANTA MARIÑA:

Superficie parcela: 1595 m2

- CAMPO DE FÚTBOL:
- 4 vestiarios xogadores ..
- 2 vestiarios árbitros ..
- 1 oficiña

Total: Os tres 261,00 M2

- Baños comúns baixo a grada principal - 87,00 M2



- PISTAS DE TENIS/ PADEL:
- 2 vestiarios, baixo a grada principal: 18,51 + 18,38 M2

- Distribuidor interior - 2,64 M2
- Distribuidor exterior – 5,50 M2

RELACIÓN DE CONTENEDORES HIXIÉNICOS FEMININOS A INSTALAR, RETIRAR E REPOR PERIÓDICAMENTE

CASA DO CONCELLO (3)

MULTIUSOS DE CHAPELA (1)

MULTIUSOS DE REDONDELA (2)

EDIFICO SERVIZOS SOCIAIS (1)

ANTIGA CASA DA CULTURA (1)

CONSERVATORIO DE MÚSICA MUNICIPAL (2)

AULA DE INTERPRETACIÓN "MEIRANDE" (3)

PAVILLÓN DE REDONDELA (5)

PAVILLÓN DE CHAPELA (7)

CASSETAS INSTALADAS NA PRAIA DE CESANTES DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO (2)



Expte 4007/2016

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Art. 146.4 Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público)

Ante o órgano de contratación, don/a....., con DNI núm., natural de....., provincia de, maior de idade e con domicilio en, rúa/, teléfono, correo electrónico..... actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), e na representación que ostenta segundo a escritura de apoderamento outorgada con data de de..... ante o notario don, co número do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de

DECLARA

1. Que coñece e acepta expresamente o contido e obrigas que se recollen nos pregos de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas do presente contrato.
2. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar co Concello de Redondela e coas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do servizo de SERVICIO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CONCELLO DE REDONDELA.
3. Que como licitador ten capacidade xurídica e de obrar, reúne os requisitos específicos de capacidade e solvencia esixidos no Prego de cláusulas administrativas para esta contratación, non atopándose incurso en ningunha das causas de incapacidade nin incompatibilidade para contratar co Concello de Redondela, e que no caso de que a súa oferta resulte a máis vantaxosa presentará, previamente á adxudicación do contrato, os documentos que se sinalan no Prego.

Lugar, data e sinatura do representante.



Expte 4007/2016

ANEXO III

**PROPOSICIÓN SOBRE OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DEPENDENTES DUN
XUÍZO DE VALOR (SOBRE A)**

Ante o órgano de contratación, don/a....., con DNI
núm., natural de....., provincia de,
maior de idade e con domicilio en, rúa/,
teléfono, correo electrónico..... actuando en nome (propio ou
da empresa a que represente), e na representación que ostenta segundo a escritura
de apoderamento outorgada con data de de..... ante o notario
don, co número do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil
de

DECLARA

Que aos efectos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares que
rexen a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E
ESPAZOS DO CONCELLO DE REDONDELA presenta o SOBRE A, a fin de de acreditar
as melloras ofertadas con respecto aos criterios dependentes de un xuízo de valor, e
que contén de xeito separado para cadanseu dos criterios, a correspondente
documentación descriptiva sen custe adicional sobre o contrato durante toda a
duración do mesmo :

1. OFERTA PARA A REALIZACIÓN DE LIMPEZAS ESPECIAIS.
2. OFERTA DE MELLORAS EN XARDIÑERÍA.

Lugar, data e sinatura do representante.



Expte 4007/2016

ANEXO IV

PROPOSICIÓN SOBRE OS CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA

Ante o órgano de contratación, don/a....., con DNI núm., natural de....., provincia de, maior de idade e con domicilio en, rúa/, teléfono, correo electrónico..... actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), e na representación que ostenta segundo a escritura de apoderamento outorgada con data de de..... ante o notario don, co número do seu protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de

DECLARA

Que aos efectos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CONCELLO DE REDONDELA presenta o SOBRE B en relación aos criterios de valoración automática, e a tales efectos:

1º. Que o prezo total ofertado pola prestación dos servizos obxecto do contrato para o primeiro ano é de.....euros (IVE incluído), deglosado do seguinte xeito (especificase o importe en euros, IVE incluído, para cada espazo):

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL:

- A MARISMA :
- SAN PEDRO-CESANTES:
- VENTOSELA:
- CENTRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DE REDONDELA – CEP SANTA MARIÑA:

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

- ALEXANDRE BÓVEDA:
- CEDEIRA:
- IGREXA-CHAPELA :
- LAREDO-CHAPELA :
- OUTEIRO DAS PENAS :
- PORTO CABEIRO :
- QUINTELA :

Concello de Redondela



- SANTO PAIO DE ABAIXO :
- CENTRO DE SAÚDE DE CHAPELA:
- MULTIUSOS DE CHAPELA :
- MULTIUSOS DE REDONDELA :
- CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA DE REDONDELA:
- CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS DE REDONDELA:
- LOCAL DE ENSAIO AVDA. MENDIÑO (LOCAL PARTICIPACIÓ CIDADÁ):
- DEPENDENCIAS DE POLICÍA LOCAL DE REDONDELA:
- OFICINA DE SERVIZOS SOCIAIS E VESTIARIOS DE XARDIÑEIROS DE CHAPELA:
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CHAPELA:
- BAÑOS E VESTIARIOS DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE REDONDELA:
- VESTIARIOS E BAÑOS ALMACÉN MUNICIPAL VIAS E OBRAS:
- MERCADO DE ABASTOS DE REDONDELA:
- MERCADO DE ABASTOS DE CHAPELA :
- AULA CEMIT DE CHAPELA:
- MUSEO MEIRANDE DE RANDE:
- SEDE PROTECCIÓN CIVIL DE REDONDELA / GRUMIR:
- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA MARISMA
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE REBOREDA:
- PAVILLÓN MUNICIPAL DE PORTO CABEIRO:
- EDIFICIO DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO:
- MANTEMENTO RECINTO DO COLEXIO DE TRASMAÑÓ (CEIP):
- CASETAS DE USO TEMPORAL: (Oficina de Turismo, casetas de salvamento das praias do Concello, así como baños públicos):
- COMPLEXO DEPORTIVO SANTA MARIÑA:
- INSTALACIÓN, RETIRADA E REPOSICIÓN PERIÓDICA CONTEDORES HIXIÉNICOS SANITARIOS :

2º. Que o prezo ofertado para limpeza por metro cadrado para inmobles que se decida incluír no contrato por parte do Concello é, para o primeiro ano do contrato, deeuros/m2 construído.

3º. Que oferta un prezo dem2/hora para o primeiro ano do contrato e para a realización de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais.

4º. Que oferta.....días/ano a máis dos 100 días previstos nos pregos para substituír as dúas traballadoras de limpeza incluídas no cadro de persoal do



Concello.

5º. Que oferta un prezo/día para substituir ás anteriores por riba dos días ofertados no apartado anterior deeuros/día/traballadora .

6º. Que para o caso de incorporación/eliminación de contedores hixiánicos sanitarios ofértase un prezo deeuros por cada contedor.

Lugar, Data e Firma e no seu caso Selo)



ANEXO V DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato: SERVICIO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS DO CONCELLO DE REDONDELA

Data da declaración:

Expte 4007/2016

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

URL: <http://redondela.sedelectronica.es>

Nome: Pleno do Concello

Correo electrónico: contratacion@redondela.es

DECLARACIÓN

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinate da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos Órganos de goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado ou da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse da calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

DATOS DA ENTIDADE LICITADORA

CIF:

Nome:

Fax:

Correo electrónico:

DATOS DO DECLARANTE

NIF:

Correo electrónico:

Nome:

Apelidos:

Cargo:

Lugar, data e sinatura do declarante

Concello de Redondela

**Expte 4007/2016****ANEXO VI****CADRO CARACTERÍSTICAS CONTRATO**

DENOMINACIÓN. REF	SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPACIOS DO CONCELLO DE REDONDELA 4007/2016
DEFINICIÓN DO OBXECTO	Servizo de realización do servizo de limpeza e xardinería nos edificios, espazos e dependencias municipais.
CPV	CPV: 90911200-8 Servizos de limpeza de edificios
ORZAMENTO	4.351.185,48 € IVE incluído, a razón de 725.197,58 € con IVE cada ano, tendo en conta a duración total do contrato, incluíndo a posible prórroga do mesmo.
PRAZO DE EXECUCIÓN	4 anos, prorrogables por 2 anos.
PARTIDA ORZAMENTARIA	3231A/22710
PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS	47 días naturais a contar dende o envío do anuncio de licitación ao DOUE. A partir do devandito envío publicaranse anuncios no BOE e BOP e no perfil do contratante cunha antelación mínima de 15 días naturais con respecto ao remate do prazo, e neses anuncios farase constar a data do envío ao DOUE.
CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA	Aínda que por mor do previsto no artigo 65 1 b) do TRLCSP non é precisa a clasificación do empresario, entenderase acreditada a solvencia coa xustificación de atoparse clasificado no Grupo U, Subgrupo 1, Categoría D.
SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA (para o licitador que presente a proposición máis vantaxosa)	
Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia se a declaración de maior importe nos 3 últimos anos é superior a vez e media do prezo da anualidade máxima do contrato.	
ACREDITACIÓN SOLVENCIA TÉCNICA (para o licitador que presente a proposición máis vantaxosa)	
Declaración sobre o volume de negocios no ámbito de actividades similares ao obxecto do contrato referido aos últimos cinco anos coas conseguíntes acreditacións das mesmas que inclúa o importe, datas e destinatarios, públicos ou privados, dos mesmos, acreditados do xeito previsto no artigo 78 a) do TRLCSP. Desbotaranse por falta de solvencia os licitadores que non realizaran traballos similares cun importe anual acumulado de alomenos 419.535,79 €.	
GARANTÍA PROVISIONAL	Non
GARANTÍA DEFINITIVA	5% do prezo de adxudicación, IVE excluído, referido aos catro primeiros anos de contrato.

Concello de Redondela



GASTOS DE PUBLICIDADE	Serán pola conta do adxudicatario ata un máximo de 2.000 €
MESA DE CONTRATACIÓN	- Presidente: O alcalde ou concelleiro no que delegue. - Vocais: Catro concelleiros/as propostos/as polos distintos grupos políticos do Concello e a concelleira non adscrita. O interventor do Concello. A secretaria do Concello. - Secretario: Un/ha funcionario/a pertencente á escala de administración xeral designado polo alcalde.
FORMA DE PAGO	Contra facturas mensuais, en doceavas partes do prezo anual, referidas ao mes completo (agás o primeiro e o último mes da prestación que liquidarase por días, no seu caso) unha vez efectuados os controis regulamentarios, debidamente conformada polo/a responsable do contrato, e previa conformidade da mesma polo órgano competente.
REVISIÓN DE PREZOS	O prezo do contrato poderá revisarse anualmente de acordo co índice específico de aplicación ao sector de actividades de limpeza. Da revisión excluíranse o primeiro ano dende a formalización do contrato e o primeiro 20% do contrato.
PRAZO DE GARANTÍA	6 meses a contar dende a data de remate do contrato
CRITERIOS DE VALORACIÓN	<p>1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES</p> <p>a). <u>Mellor oferta económica: ata 50 puntos</u></p> <p><u>1. Mellor oferta económica: De 0 a 50 puntos.</u></p> <p>Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula: $P = 50 \times (PMR / PO)$ P (puntuación): A que acadará a oferta considerada. PMR (Precio mínimo de referencia): Importe do menor precio ofertado ou oferta máis baixa. PO (Precio da oferta): Importe do precio que oferta a proposición considerada.</p> <p><u>2. Mellor oferta para incorporación ao contrato da limpeza de edificios ou locais non incluídos no contrato inicial: De 0 a 20 puntos detallados do seguinte xeito:</u></p> <p>2.1. Valorarase de 0 a 17,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido a un período anual, para o caso de novos edificios ou locais que necesitan limpeza ordinaria e continuada e se inclúan <i>ex novo</i> no contrato, nas condicións especificadas no prego de prescricións técnicas.</p> <p>Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 17,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte</p>



	<p>fórmula :</p> $P = 17,50 \times (PMR / PO)$ <p>P (puntuación): a que acadará a oferta considerada. PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa. PO (Prezo da oferta): Importe do prezo que oferta a proposición considerada.</p> <p>2.2. Valorarase de 0 a 2,50 puntos a oferta prezo/m² construído a limpar, referido ó período dunha hora, para o caso de limpeza esporádicas, extraordinarias ou puntuais de edificios ou locais coa seguinte fórmula: Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2,50 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :</p> $P = 2,5 \times (PMR / PO)$ <p>P (puntuación): z que acadará a oferta considerada. PMR (Prezo mínimo de referencia): importe do menor prezo ofertado ou oferta máis baixa. PO (Prezo da oferta): importe do prezo que oferta a proposición considerada.</p> <p><u>3. Mellor oferta para substitución das dúas traballadoras do Concello.</u></p> <p>3.1 Días/ano ofertados por riba dos 100 previstos nos pregos para cada ano do contrato a partir do comenzo da prestación dos servizos. Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :</p> $P = 2 \times (O / MO)$ <p>P (puntuación): a que acadará a oferta considerada. MO (Mellor oferta): a que oferte máis días/ano por riba do previsto nos pregos. O (Oferta a considerar): Días/ano que oferta por riba do previsto nos pregos a proposición considerada.</p> <p>3.2 Importe /día de substitución de ditas traballadoras por riba dos días ofertados de acordo co apartado 3.1. anterior : De 0 a 2 puntos. Valorarase proporcionalmente no sentido de outorgar 2 puntos á oferta económica máis vantaxosa e ao resto unha puntuación proporcional coa seguinte fórmula :</p> $P = 2 \times (PMR / PO)$ <p>P (puntuación): a que acadará a oferta considerada. PMR (Precio mínimo de referencia): Importe do menor precio ofertado ou oferta máis baixa. PO (Precio da oferta): Importe do precio que oferta a proposición considerada.</p> <p><u>2. CRITERIOS NON AVALIABLES POR CIFRAS OU PORCENTAXES</u> <u>Melloras sobre o previsto no PPT: Ata 20 puntos</u> Avaliaráanse as melloras ofertadas referidas a un período</p>
--	--



	<p>anual cando non se especifique o contrario consistentes en:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Limpezas especiais que se oferten: Valorarase ata 10 puntos.2. Melloras en xardiñería: Valorarase ata 10 puntos.
--	---